



# Federación Galega de Caza

[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)



---

## MEMORIA DE ACTIVIDADES 2020

---



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



## Índice

|                                                      | <u>Páxina</u> |
|------------------------------------------------------|---------------|
| <b>FUNCIÓNS, COMPETENCIAS E ORGANIZACIÓN</b>         | 3-6           |
| 1. Funcións e competencias                           | 3-4           |
| 2. Organigrama da FGC                                | 4-5           |
| 3. Organización territorial                          | 6             |
| <b>RELACIÓN ENTRE CAZADORES E FEDERADOS</b>          | 7-15          |
| 1. Licenzas de Caza                                  | 7-9           |
| Clase de licenzas                                    | 8             |
| Idade do cazador galego                              | 8-9           |
| 2. Federados                                         | 9-15          |
| Tipo de licenza federativa                           | 11            |
| Siniestralidade dos federados                        | 12            |
| Ranking do deporte federado                          | 13-15         |
| <b>RELACIÓN ENTRE ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES</b> | 16-18         |
| 1. Entidades federadas                               | 16            |
| 2. Tecores e explotacións                            | 16-18         |
| Tecores                                              | 17            |
| Explotacións cinexéticas                             | 17            |
| Superficie cinexética                                | 17-18         |
| Tecores e municipios                                 | 18            |
| <b>A CAZA COMO ACTIVIDADE CINEXÉTICA</b>             | 19-26         |
| 1. Caza maior                                        | 19-25         |
| Evolución dos cupos e capturas                       | 20-22         |
| Siniestralidade producida polos animais cinexéticos  | 22-24         |
| Seguros de RC de tecor                               | 25            |
| 2. Caza menor                                        | 26            |
| <b>A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA</b>              | 27-28         |
| 1. Suspensión da actividade deportiva oficial        | 27            |
| 2. Protocolos sanitarios                             | 27            |
| 3. Competicións antes da COVID                       | 28            |
| <b>FORMACIÓN</b>                                     | 29-32         |
| 1. Cursos de Sociedades e Seguridade na Caza         | 29-32         |
| Temario e relatores                                  | 30-31         |
| Enquisas de satisfacción                             | 32            |
| <b>A ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA</b>             | 33            |
| <b>AS EMISORAS DE RADIOFRECUENCIA</b>                | 34            |
| <b>O CLUB DE DESCONTOS EXCLUSIVO PARA FEDERADOS</b>  | 35            |
| <b>A COMUNICACIÓN DA FGC</b>                         | 36-39         |
| 1. A páxina web                                      | 36-38         |
| Lixeiro repunte das visitas                          | 36            |
| Información especial COVID                           | 36-37         |
| Trámite online da licenza federativa e DU            | 37            |
| As redes sociais                                     | 38            |
| 2. GALICIA CINEXÉTICA                                | 39            |
| 3. PROGRAMA CAZA E NATUREZA                          | 39            |
| <b>AS XUVENTUDES POLA CAZA</b>                       | 40            |
| <b>A AXENDA FEDERATIVA</b>                           | 41-42         |

## Funcións, competencias e organización da FGC.

### 1. FUNCIÓNS E COMPETENCIAS.

- ❖ A FGC é a **única entidade que representa o deporte da caza na CCAA de Galicia.**
- ❖ A FGC é a **única entidade que agrupa aos deportistas/cazadores e ás sociedades, clubs e asociacións** -entroutros colectivos- que se adican á práctica do deporte da caza ou a outras actividades que con ela se relacionen.
- ❖ A FGC exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, **actuando como axente colaborador da Administración Pública.**
- ❖ A FGC é o **único órgano lexitimado para representar en materia de caza á Comunidade Autónoma de Galicia**, na esfera das súas competencias.

#### COMPETENCIAS PROPIAS

- ❖ **Asesorar a toda clase de entidades públicas ou privadas** en canto signifiquen un perfeccionamento na práctica da caza.
- ❖ Realizar cantas actividades estean encamiñadas á **salvagarda e mellora do medio natural, incremento da fauna e respecto polos cultivos agrícolas.** Asemade a FGC poderá prestar a súa colaboración a cantos fins considere convenientes por afinidade do seu cometido e sen ánimo de lucro.
- ❖ **Fomentar a educación e formación dos cazadores e gardería**, a difusión da deportividade cinexética e normas que a regulan, contribuíndo ao incremento da fauna e flora autóctonas e á prevención e represión da caza furtiva.
- ❖ Desenvolver **iniciativas no campo da ecoloxía** dirixidas á defensa do medio natural.
- ❖ Coidar e defender ante a opinión pública e institucións de carácter privado ou público a **figura do cazador** como amante e colaborador do medio ambiente e da natureza.
- ❖ Promover cantas accións considere convenientes ou necesarias para a **defensa tanto da caza como dos lexítimos intereses dos cazadores e das sociedades federadas.**
- ❖ Representar aos seus afiliados ante centros ou organismos galegos, estatais e internacionais, relacionados co deporte da caza, así como **propoñerlle as medidas convenientes para a conservación das especies silvestres e para a defensa dos lexítimos intereses dos cazadores.**
- ❖ Fomentar, ordenar e inspeccionar as actividades deportivas cinexéticas en todo o territorio da CCAA galega, así como controlar o desenvolvemento deportivo das asociacións de cazadores e dos seus afiliados.
- ❖ **Organizar e dirixir, técnica e administrativamente, a actividade da caza**, por si ou polos seus órganos de xestión ou organismos dependentes, cantas especialidades de competición se relacionen co deporte da caza ou coa súa simple práctica, en todo tipo de competicións que se desenvolvan no ámbito e competencias da FGC, coadxuvando a que a maior deportividade e corrección impere nas súas actuacións.
- ❖ **Fomentar a actividade cinexética e a práctica do deporte da caza**, a través de actividades dirixidas á xuventude, favorecendo e promovendo a súa participación nos diferentes órganos da FGC

## FUNCIÓNS PÚBLICAS DE CARÁCTER ADMINISTRATIVO

Baixo a tutela da Administración Deportiva, a FGC **exerce, en réxime de exclusividade, entroutras funcións públicas delegadas, a promoción e divulgación do deporte da caza en todas as súas facetas.**

## 2. ORGANIGRAMA DA FGC.

Os órganos da FGC estrutúranse en:

|                                                         |                                                |
|---------------------------------------------------------|------------------------------------------------|
| Órganos de goberno e representación                     | Asemblea xeral.                                |
|                                                         | Comisión delegada da asemblea.                 |
|                                                         | Presidente.                                    |
| Órganos complementarios dos de goberno e representación | Xunta directiva.                               |
|                                                         | Comisión executiva.                            |
|                                                         | Secretario xeral.                              |
|                                                         | Tesoureiro.                                    |
| Órganos técnicos e asesores                             | Comité de disciplina deportiva.                |
|                                                         | Comité de xuíces e árbitros.                   |
|                                                         | Comisión de xuventudes.                        |
|                                                         | Comisión de competicións.                      |
|                                                         | Comité de mediación, conciliación e arbitraje. |


Durante o ano 2018, conforme á normativa electoral vixente, levouse a cabo o correspondente proceso electoral, **elixíronse os membros da asemblea xeral, da comisión delegada e o presidente. Resultando reelixido presidente, por terceiro mandato consecutivo, Javier Nogueira Diz**, que unha vez proclamado pasaba a formar parte da asemblea xeral e a presidir todos os órganos federativos.

Trala elección dos diferentes órganos de goberno e representación, o presidente designaba á súa

xunta directiva, e a asemblea xeral nomeaba os diferentes órganos técnicos e asesores, quedando conformado o organigrama federativo conforme ao esquema que figura na páxina seguinte.

O período de mandato de todos os órganos da FGC é de catro anos, agás a Xunta Electoral que conforme ao Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, foi elixida na asemblea xeral de convocatoria de eleccións do ano 2018 e manterá o seu mandato ata o seguinte proceso electoral.

## ESTRUTURA DA FGC





### 3. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL.


A FGC estrutúrase territorialmente, de acordo coas súas características propias e co desenvolvemento deportivo, nas **federacións provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra**.

Os catro Delegados Provinciais, unha vez nomeados polo presidente da FGC a proposta da asemblea provincial, pasan a formar parte da xunta directiva da FGC.

Os presidentes provinciais exercen no seu ámbito territorial as mesmas funcións que as establecidas para o presidente da FGC, actuando por delegación deste.

Para o mellor cumprimento das súas funcións, poderán designar unha xunta directiva, dando conta ao presidente da FGC e á asemblea provincial.


A asemblea provincial, que **deberá celebrarse anualmente antes da asemblea da FGC**, intégrana todos os representantes das entidades deportivas federadas da provincia así como os deportistas, xuíces e árbitros, e xuventudes que sexan membros da asemblea xeral da FGC pola circunscrición provincial.



## A relación entre cazadores e federados.

Seguindo a tendencia dos últimos anos, a porcentaxe de cazadores federados segue a medrar, **alcanzándose no ano 2020 a taxa máis alta, o 56% dos cazadores da Comunidade Autónoma están federados**, pero se os datos os analizamos por provincias, obsérvase que na provincia de **Lugo están federados o 66%** dos cazadores desa provincia, en **Pontevedra o 64%**, en **A Coruña o 62%** e en Ourense estano o 25%.

| Provincia  | Licenzas Caza 2020 | Federados 2020 | %   |
|------------|--------------------|----------------|-----|
| Coruña     | 11.906             | 7.331          | 62% |
| Lugo       | 8.293              | 5.461          | 66% |
| Ourense    | 7.122              | 1.797          | 25% |
| Pontevedra | 8.751              | 5.571          | 64% |
| TOTAL      | 36.072             | 20.160         | 56% |



### 1. LICENZAS DE CAZA.


Durante o ano 2020 a Xunta de Galicia expediu nas provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra 36.072 licenzas de caza, e 647 máis en entidades bancarias fóra da CCAA (cazadores foráneos), emitíndose en conxunto 36.719 licenzas.

En total expedíronse 2.023 licenzas de caza menos que no ano anterior, observándose un descenso en todas as provincias e tamén nas de foráneos.



O maior descenso de cazadores produciuse nas provincias de A Coruña e Pontevedra, con 491 e 429 cazadores menos que no ano anterior, pero aínda así ambas as dúas provincias seguen a ser

as que concentran o maior número de cazadores da Comunidade Autónoma, con máis do 56% do total dos cazadores galegos.



## 1.1 Clase de licenzas.

En función da clase de licenzas que se expiden en Galicia, os datos indican que a práctica totalidade dos cazadores galegos usan **armas de fogo** para practicar a actividade cinexética, **non chegando ao 1% aqueles que utilizaron durante o 2020 os cans, cetrería ou arco como medio de caza**, non obstante este dato debe tomarse con certa cautela porque que unha persoa dispoña de licenza para usar armas de fogo non indica que necesariamente as use nin tampouco que non use outros medios de caza.

|          | Tipo de Licenza |                       |        | TOTAL  | %          |                       |
|----------|-----------------|-----------------------|--------|--------|------------|-----------------------|
|          | Armas Fogo      | Cans, Arco e Cetraría | Mandas |        | Armas Fogo | Cans, Arco e Cetraría |
| Ano 2020 | 36.348          | 355                   | 16     | 36.719 | 98,99      | 0,97                  |
| Ano 2019 | 38.276          | 442                   | 24     | 38.742 | 98,80      | 1,14                  |
| Ano 2018 | 38.839          | 575                   | 7      | 39.421 | 98,52      | 1,46                  |
| Ano 2017 | 41.785          | 618                   | 4      | 42.407 | 98,53      | 1,46                  |
| Ano 2016 | 44.034          | 365                   | 5      | 44.404 | 99,17      | 0,82                  |
| Ano 2015 | 45.846          | 128                   | 10     | 45.984 | 99,70      | 0,28                  |
| Ano 2014 | 46.492          | 93                    | 6      | 46.591 | 99,79      | 0,20                  |

## 1.2 Idade do cazador galego.

A maioría dos cazadores galegos sitúanse na franxa de idade comprendida entre 18 e os 65 anos, pero os **menores de 18 anos e maiores de 65 xa superan a terceira parte do total**, pasando do 22% do ano 2014 a máis do 31% actual. No mesmo período **os maiores 18 e menores de 65 diminuíron do 78 ao 69%**.

Por outro lado, ao analizar o censo de poboación da CCAA de Galicia obsérvase unha tendencia semellante coas franxas de idade do cazador galego. Segundo datos do INE publicados o 28-1-21, o **62% da poboación galega ten entre os 18 e 65 anos** e o **26% dos habitantes están na franxa de idade que vai dos 16 (idade mínima para cazar) aos 18 ou teñen máis de 65**.



#### LICENZAS DE CAZA POR CLASE DE LICENZA (CMATV 31-12-20)


|                                       | CORUÑA | LUGO  | OURENSE | PONTEVEDRA | TOTAL  | %      |
|---------------------------------------|--------|-------|---------|------------|--------|--------|
| Nº licenzas entre 18 e 65 anos        | 8.110  | 5.608 | 4.503   | 6.199      | 24.420 | 68,78% |
| Nº licenzas +16 e -18 anos e +65 anos | 3.605  | 2.546 | 2.502   | 2.434      | 11.087 | 31,22% |
| Total licenzas 2020 <sup>(1)</sup>    | 11.715 | 8.154 | 7.005   | 8.633      | 35.507 |        |

#### CENSO DE HABITANTE DA CCAA DE GALICIA (INE 28/1/21)

|                                                   |           |         |         |         |           |        |
|---------------------------------------------------|-----------|---------|---------|---------|-----------|--------|
| Nº habitantes entre 18 e 65 anos                  | 694.320   | 195.961 | 177.132 | 593.240 | 1.660.653 | 61,53% |
| Nº habitantes +16 e -18 anos                      | 18.496    | 4.579   | 4.426   | 17.372  | 44.873    | 25,97% |
| Nº habitantes +65 anos                            | 266.797   | 91.331  | 92.303  | 205.501 | 655.932   |        |
| Nº habitantes -16 anos anos                       | 143.390   | 35.276  | 31.838  | 126.764 | 337.268   | 12,50% |
| Total habitantes CENSO INE 28/1/21 <sup>(2)</sup> | 1.123.003 | 327.147 | 305.699 | 942.877 | 2.698.726 |        |

<sup>(1)</sup> Exclúense da táboa anterior as licenzas estranxeiros (2), as interautonómicas (553) e as de rehalas con fins de caza (16) ao non constar os datos por idade, e tampouco se teñen en conta as de foráneos (641 porque as outras 6 xa están incluídas nas interautonómicas)

#### EVOLUCIÓN LICENZAS CAZA POR TRAMOS DE IDADE (2020-2014)



## 2. FEDERADOS.

Durante o 2020, a FGC emitiu **20.160 licenzas federativas de ámbito autonómico, 526 máis que no ano anterior**, que tamén habilitou con carácter nacional.

A licenza federativa, ademais doutras prestacións e servizos, é un seguro de accidentes que inclúe a asistencia sanitaria, e cubre ao seu

titular tanto na práctica deportiva de calquera das disciplinas regulamentadas pola FGC como na propia actividade cinexética.

Ao debullar os **datos por provincias, obsérvase que todas elas subiron en número de federados respecto ao ano anterior, agás Lugo que baixa en 2.**



Federación Galega  
de Caza




XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO




"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



O maior número de federados rexistrouno A Coruña co 36% do total dos federados autonómicos, seguida de Pontevedra co 28%, Lugo co 27% e Ourense co 9%.

Sen embargo, como xa se dixo anteriormente, ao comparar o número de cazadores co número de federados de cada unha das provincias, **Lugo sería a provincia con maior proporción entre cazadores e federados** e Ourense a que menos.



## 2.1 Tipo de licenza federativa.

O 85% dos cazadores optaron por federarse a través do **Documento Único (DU)** que ademais da tarxeta federativa leva incorporado un seguro de responsabilidade civil obrigatorio, voluntario, e de defensa xurídica do cazador, e o 15% fixérono a través da licenza federativa.

O 38% dos federados elixiron o **seguro Premium** que, desde que se implementou, segue a ser o seguro máis emitido en todas as provincias, agás Pontevedra. E 6 de cada 10 federados optaron polos documentos de maior cobertura (**Premium e S**).



| Tipo Lic. Fed. | CO    | LU    | OU    | PO    | TOTAL  | %   |
|----------------|-------|-------|-------|-------|--------|-----|
| Lic Fed (P)    | 1.126 | 954   | 307   | 673   | 3.060  | 15% |
| DU (J)         | 146   | 139   | 30    | 91    | 406    | 2%  |
| DU (N)         | 892   | 208   | 176   | 1.189 | 2.465  | 12% |
| DU (Q)         | 703   | 449   | 210   | 780   | 2.142  | 11% |
| DU (R)         | 121   | 20    | 12    | 137   | 290    | 1%  |
| DU (S)         | 1.302 | 1.095 | 365   | 1.438 | 4.200  | 21% |
| DU (PR)        | 3.041 | 2.596 | 697   | 1.263 | 7.597  | 38% |
| TOTAL          | 7.331 | 5.461 | 1.797 | 5.571 | 20.160 |     |

Tamén é significativo o número de cans asegurados a través dos Anexos do D.U que este ano situábanse en 21.021, 2.197 máis que o ano anterior.

Do total dos cans asegurados, o 41% estano en A Coruña, o 30% en Lugo, o 17% en Pontevedra e o 12% en Ourense.

Desde que se implementou o **Anexo de cans**, no seguro *premium* e o *Anexo co franquicia*, triplicouse o número de cans asegurados, pasando dos 6.718 do ano 2015 aos 21.021 actuais.

| Cans asegurados |        |
|-----------------|--------|
| Ano 2020        | 21.021 |
| Ano 2019        | 18.824 |
| Ano 2018        | 16.519 |
| Ano 2017        | 12.709 |
| Ano 2016        | 9.744  |
| Ano 2015        | 6.718  |





## 2.2 Siniestralidade dos federados.

O 100% dos cazadores federados dispoñen de seguro de accidentes persoais como se puxo de manifesto nas páxinas anteriores, e **8,5 de cada 10 teñen concertado o D.U. que a maiores do seguro de accidentes leva incorporado o seguro de responsabilidade civil do cazador e a defensa xurídica.**

No 2020 rexistráronse en Galicia **140 accidentes producidos ou sufridos por cazadores federados**. Deles **64 corresponden a sinistros de danos propios e 76 a responsabilidade civil do cazador**.

| TIPO DE LESIÓNS ENTRE OS FEDERADOS (2020) |        |      |      |      |         |      |            |      |       |      |
|-------------------------------------------|--------|------|------|------|---------|------|------------|------|-------|------|
| TIPO DE LESIÓNS                           | CORUÑA |      | LUGO |      | OURENSE |      | PONTEVEDRA |      | TOTAL |      |
|                                           | D.P.   | R.C. | D.P. | R.C. | D.P.    | R.C. | D.P.       | R.C. | D.P.  | R.C. |
| Falecidos accidentes caza                 | 0      | 0    | 0    | 0    | 0       | 1    | 0          | 0    | 0     | 1    |
| Falecidos causas naturais                 | 0      | 0    | 0    | 0    | 0       | 0    | 0          | 0    | 0     | 0    |
| Falecidos in itinere                      | 0      | 0    | 0    | 0    | 0       | 0    | 0          | 0    | 0     | 0    |
| Gran invalidez                            | 0      | 0    | 0    | 0    | 0       | 0    | 0          | 0    | 0     | 0    |
| Invalidez                                 | 0      | 0    | 0    | 0    | 0       | 0    | 2          | 0    | 2     | 0    |
| Danos nas extremidades                    | 14     | 1    | 15   | 1    | 3       | 0    | 9          | 1    | 41    | 3    |
| Danos cara, cabeza, boca, ollos e oídos   | 2      | 1    | 1    | 0    | 0       | 0    | 0          | 1    | 3     | 2    |
| Danos no peito e espalda                  | 2      | 0    | 1    | 0    | 0       | 1    | 0          | 0    | 3     | 1    |
| Danos múltiples e policontusións          | 0      | 0    | 1    | 0    | 0       | 0    | 0          | 1    | 1     | 1    |
| Outro tipo de lesións                     | 0      | 0    | 0    | 0    | 0       | 0    | 0          | 0    | 0     | 0    |
| Danos escopeta                            | 5      | 1    | 5    | 0    | 0       | 0    | 4          | 0    | 14    | 1    |
| Danos a cans                              | 0      | 6    | 0    | 5    | 0       | 1    | 0          | 5    | 0     | 17   |
| Danos materiais, animais ou cousas        | 0      | 18   | 0    | 14   | 0       | 10   | 0          | 8    | 0     | 50   |
| TOTAL                                     | 23     | 27   | 23   | 20   | 3       | 13   | 15         | 16   | 64    | 76   |


Os cans asegurados mediante *Anexo do DU Premium* ou con *Franquicia* causaron **12 sinistros de responsabilidade civil** (5 en Coruña, 6 en Lugo e 1 en Pontevedra).

Nos accidentes de **Danos Propios** as lesións máis comúns foron os danos nas extremidades e os danos a escopetas, mentres que en **Responsabilidade Civil do cazador**, 7 sinistros de cada 10 corresponderon a danos materiais ou danos a animais e cousas, seguidos dos danos a cans.

|            | Federados 2020 | Accidentes 2020 (D.P.) | o/oo | Asegurados DU 2020 | Accidentes 2020 (R.C.) | o/oo |
|------------|----------------|------------------------|------|--------------------|------------------------|------|
| Coruña     | 7.331          | 23                     | 3,14 | 6.205              | 27                     | 4,4  |
| Lugo       | 5.461          | 23                     | 4,21 | 4.507              | 20                     | 4,4  |
| Ourense    | 1.797          | 3                      | 1,67 | 1.490              | 13                     | 8,7  |
| Pontevedra | 5.571          | 15                     | 2,69 | 4.898              | 16                     | 3,3  |
|            | 20.160         | 64                     | 3,17 | 17.100             | 76                     | 4,4  |

Ao cotexar o número de accidentes de danos persoais co número de federados, obsérvase que **o índice de siniestralidade en Danos Propios foi de 3,17 sinistros por cada 1.000 federados**, mentres que **en R.Civil do cazador foi de 4,4 accidentes por cada 1.000 asegurados**.

Nos últimos 11 anos a media de sinistros en **Danos Propios** foi de menos de 2,75 accidentes por cada 1.000 federados, mentres que no mesmo período a media en **Responsabilidade Civil do cazador** situábase en 4,25 accidentes por cada 1.000 asegurados.






## 2.3 Ranking do deporte federado.


### Ranking Rfec e Mutuasport.

A **REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CAZA** pechaba o ano 2020 con **334.946 licenzas federativas habilitadas con carácter nacional** polas 18 federacións


autónómicas de caza integradas na mesma, **ocupando a FGC o 6º lugar** no número de federados a nivel nacional, por detrás de Andalucía, Valencia, Cataluña, Extremadura e Aragón.



**MUTUASPORT**, a mutua de seguros deportivos coa que na actualidade emiten os seguros federativos 15 das 18 federacións autonómicas de caza, tramitou durante o 2020 un total de **313.881 seguros**, situándose a **FGC no 6º posto do cómputo xeral**.





Sen embargo no número de seguros de maior cobertura (**Premium e S**) a FGC sube ata o 4º posto situándose só por detrás de Cataluña, Andalucía e Valencia.



### **Ranking Deporte federado Galego e Nacional.**


A modalidade de **Caza segue a ser o segundo deporte a nivel autonómico** tanto en número de deportistas como en número de clubs federados, **mentres que a nivel nacional en clubs mantense como segundo, e en deportistas como terceiro**, segundo a *Memoria 2019 do C.S.D.*

O **DEPORTE GALEGO** pechaba a tempada 2019 con **282.369 deportistas federados e 5.785 clubs afiliados** ás 58 federacións deportivas galegas. **A FGC mantense como segunda federación deportiva no ranking autonómico, tanto en número de deportistas como de clubs federados**, só por detrás de fútbol.




Do total de licenzas federativas rexistradas polas federacións deportivas galegas durante o 2019, o **77% corresponden a homes e o 23% mulleres**

No ranking do **DEPORTE FEDERADO POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**, Galicia ocupa o 5º lugar tanto en número de deportistas como en número de clubs federados.



No ámbito do **DEPORTE NACIONAL**, a Caza mantense como **segundo deporte estatal en número de clubs e como terceiro en deportistas federados**, entre as 66 federacións deportivas españolas que pechaban a tempada 2019 con 3.945.510 deportistas e 75.455 clubs federados.



Tamén no ámbito do Deporte Nacional, ao igual que ocorre no Deporte Galego, o 77% dos deportistas federados son homes fronte ao 23% mulleres.



## A relación entre as entidades deportivas e os tecores.


Durante o ano 2020 afiliáronse á FGC 4 novas entidades deportivas, e nese mesmo período causaron baixa 3, pechándose o ano con **471 sociedades afiliadas á FGC, das que 398 xestionan o 84% dos tecores existentes**

na CCAA, e as restantes 73 son entidades deportivas de paxariles, cetraría, arco, tiro, agility, field target, cans, peñas de caza, etc.

|            | ENTIDADES FEDERADAS                                             |                                           |                           | TECORES                                  |                                               |               | % Tecores xestionados por sdades federadas |
|------------|-----------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|---------------------------|------------------------------------------|-----------------------------------------------|---------------|--------------------------------------------|
|            | Sdades Federadas con tecor de titularidade propia ou compartido | Outras Sdades e Clubs federados SEN tecor | TOTAL ENTIDADES FEDERADAS | Tecores xestionados por Sdades Federadas | Tecores xestionados por outras asociacións NF | TOTAL TECORES |                                            |
| CORUÑA     | 114                                                             | 18                                        | 132                       | 111                                      | 12                                            | 123           | 90%                                        |
| LUGO       | 143                                                             | 8                                         | 151                       | 137                                      | 10                                            | 147           | 93%                                        |
| OURENSE    | 61                                                              | 11                                        | 72                        | 60                                       | 49                                            | 109           | 55%                                        |
| PONTEVEDRA | 80                                                              | 36                                        | 116                       | 71                                       | 2                                             | 73            | 97%                                        |
|            | 398                                                             | 73                                        | 471                       | 379                                      | 73                                            | 452           | 84%                                        |

### 1. ENTIDADES FEDERADAS.

Ao debullar os datos de sociedades inscritas na FGC obsérvase que **Lugo é a provincia co maior número de entidades afiliadas, co 32% do total (151 sociedades)** e tamén a que conta con máis sociedades titulares de tecor. A continuación sitúase A Coruña co 28% (132), seguida de Pontevedra co 25% (116) e por último sitúase Ourense co 15% do total (72 asociacións federadas).



### 2. TECORES E EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS.

No 2020 había na CCAA un total de **452 terreos cinexéticamente ordenados (tecores) xestionados por entidades sen ánimo de lucro, fronte a 33 explotacións cinexéticas comerciais** xestionadas por suxeitos ou empresas mercantís, confirmando que o tipo de caza que se practica en Galicia é a caza social.





## 2.1 TECORES.

Dos 452 tecores que hai na CCAA, o **84% xestiónanos entidades deportivas federadas (de xeito directo ou compartido con outra sociedade)**, mentres que o 16% restantes adminístranos outro tipo de asociacións de cazadores non federadas.

Ao analizar os datos polo miúdo obsérvase que **Pontevedra é a provincia con máis porcentaxe de tecores xestionados por sociedades de caza federadas (71 tecores dos 73 existentes, ou o que é o mesmo máis do 97%)**, seguida de Lugo co 93%, Coruña co 90% e Ourense co 55%.




## 2.2 EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS COMERCIAIS.

Por **cada 100 tecores existentes na CCAA hai 7 explotacións cinexéticas comerciais**, o que reflicte a escasa relevancia social deste tipo de figura cinexética en Galicia.

|            | Nº Explotacións Cinexéticas |
|------------|-----------------------------|
| CORUÑA     | 5                           |
| LUGO       | 8                           |
| OURENSE    | 10                          |
| PONTEVEDRA | 10                          |
|            | 33                          |

## 2.3 SUPERFICIE CINEXÉTICA.

Do total **da superficie do territorio galego, o 90% está acoutado para a práctica da caza** a través de tecores e explotacións cinexéticas comerciais. Dela **o 99,51% corresponde aos 452 tecores** mentres que as 33 explotacións cinexéticas abranguen o 0,49%.



Os tecores xestionados por entidades federadas (379) abranguen o 86% do terreo ordenado cinexéticamente fronte ao 14% que ocupan aqueles tecores xestionados por outro tipo de asociacións non federadas (73).


Ao desagregar os datos por provincias, obsérvase que **Lugo é a provincia con maior superficie cinexética acoutada en tecores, co 36% do total**, e no lado oposto estaría Pontevedra con pouco máis 13%.

En canto ás explotacións cinexéticas comerciais (33), como xa se dixo anteriormente, apenas abranguen o 0,49% do territorio cinexético da CCAA. A maior superficie corresponde a **Ourense co 44%** e a menor a Lugo co 16%.

|            | TECORES                                     |                                                  |               |                                                |                                             |                                     |                                            |                                       | EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS               |                                                |                                                    |
|------------|---------------------------------------------|--------------------------------------------------|---------------|------------------------------------------------|---------------------------------------------|-------------------------------------|--------------------------------------------|---------------------------------------|----------------------------------------|------------------------------------------------|----------------------------------------------------|
|            | Nº Tecores xestionados por Sdades Federadas | Nº Tecores xestionados por outras asociacións NF | Total Tecores | Superficie cinexética Tecores Sdades federadas | Superficie cinexética tecores non federados | TOTAL SUPERFICIE CINEXÉTICA TECORES | % Tecores xestionados por Sdades Federadas | % Superficie cinexética por Provincia | Nº Explotacións Cinexéticas Comerciais | Superficie Explotacións Cinexéticas Comerciais | % Superficie Cinexética Explotacións por Provincia |
| CORUÑA     | 111                                         | 12                                               | 123           | 658.906,02                                     | 44.487,69                                   | 703.393,71                          | 90,24                                      | 26,62                                 | 5                                      | 2.442,57                                       | 18,97                                              |
| LUGO       | 137                                         | 10                                               | 147           | 841.689,13                                     | 96.732,39                                   | 938.421,52                          | 93,20                                      | 35,52                                 | 8                                      | 2.015,21                                       | 15,65                                              |
| OURENSE    | 60                                          | 49                                               | 109           | 420.152,95                                     | 230.966,08                                  | 651.119,03                          | 55,05                                      | 24,64                                 | 10                                     | 5.615,90                                       | 43,61                                              |
| PONTEVEDRA | 71                                          | 2                                                | 73            | 342.190,22                                     | 7.048,00                                    | 349.238,22                          | 97,26                                      | 13,22                                 | 10                                     | 2.804,90                                       | 21,78                                              |
|            | 379                                         | 73                                               | 452           | 2.262.938,32                                   | 379.234,16                                  | 2.642.172,48                        | 83,85                                      |                                       | 33                                     | 12.878,58                                      |                                                    |

## 2.4 TECORES E MUNICIPIOS.

Se cotexamos o número de tecores (452) co número de municipios existentes na CCAA (313) **obsérvase a importancia da actividade cinexética tanto a nivel social como económico e deportivo no ámbito municipal, con preto de 2 tecores por municipio**, o que trasladado a outro tipo de deportes máis populares sería o mesmo que dicir que todos os concellos de Galicia teñen máis de un polideportivo, **sen embargo explotacións cinexéticas apenas hai 0,11 por cada 100 municipios**.



## A caza como actividade cinexética.

Neste apartado analizaremos a caza maior, debullando os datos de cupos e capturas facilitados pola Consellería CMAVT, así como a incidencia das poboacións cinexéticas nos accidentes de tráfico, e a súa repercusión nas sociedades de caza titulares de tecores que deben afrontar custosos seguros para cubrir á posible responsabilidade civil derivada dos accidentes de circulación que causa a fauna cinexética.

Respecto á caza menor, ao carecer de datos estatísticos oficiais que permitan avaliar a súa situación cinexética, só analizaremos neste apartado o aproveitamento do pasallás no tecores da antiga lagoa de Antela (Ourense).

### 1. CAZA MAIOR.

Durante a tempada 2019/20, última da que se dispón de datos oficiais actualizados, autorizouse un **cupo total de 27.380 exemplares de caza maior (2.589 animais menos que na tempada anterior)** do que se capturou o 72%, quedando un excedente de 7.788 animais.

Se debullamos os datos por tipo de animal, obsérvase que **no caso do xabaril capturouse o 86% do cupo autorizado quedando un excedente de 2.877 animais sen cazar, mentres que no corzo capturouse o 30% quedando un excedente de 4.580 animais, no cervo cobrouse o 29% quedando 276 exemplares, e no muflón cun cupo autorizado para a provincia de Ourense de 55 animais, non se cobrou ningún.**

| CUPOS E CAPTURAS 2020 |        |          |           |
|-----------------------|--------|----------|-----------|
|                       | CUPO   | CAPTURAS | Remanente |
| XABARIL               | 20.393 | 17.516   | 2.877     |
| CORZO                 | 6.544  | 1.964    | 4.580     |
| CERVO                 | 388    | 112      | 276       |
| MUFLÓN                | 55     | 0        | 55        |
| TOTAL                 | 27.380 | 19.592   | 7.788     |

Ao analizar os datos por provincias, vemos que a provincia que dispoñía de maior cupo era **Ourense con 10.435 animais dos que cobrou o 66%**, quedándolle un excedente de 3.502 animais; seguida de **Lugo cun cupo de 10.100 animais dos que cobrou o 69%** deixando un remanente de 3.120 animais, mentres que **A Coruña que dispoñía dun cupo de 4.398 animais capturou o 88%** deixando un sobranse de 534 especies, e **Pontevedra con 2.447 animais autorizados cobrou o 74%** quedándolle un excedente de 632 animais.

|                      | Xabaril |          | Corzo |          | Cervo |          | Mufón |          | TOTAL  |          | % Capturas<br>s/cupo<br>Provincia | Animais<br>excedentes |
|----------------------|---------|----------|-------|----------|-------|----------|-------|----------|--------|----------|-----------------------------------|-----------------------|
|                      | Cupo    | Capturas | Cupo  | Capturas | Cupo  | Capturas | Cupo  | Capturas | Cupo   | Capturas |                                   |                       |
| Coruña               | 3.079   | 3.265    | 1.221 | 535      | 98    | 64       | 0     | 0        | 4.398  | 3.864    | 88%                               | 534                   |
| Lugo                 | 7.186   | 6.361    | 2.850 | 608      | 64    | 11       | 0     | 0        | 10.100 | 6.980    | 69%                               | 3.120                 |
| Ourense              | 7.891   | 6.152    | 2.263 | 744      | 226   | 37       | 55    | 0        | 10.435 | 6.933    | 66%                               | 3.502                 |
| Pontevedra           | 2.237   | 1.738    | 210   | 77       | 0     | 0        | 0     | 0        | 2.447  | 1.815    | 74%                               | 632                   |
| TOTAL                | 20.393  | 17.516   | 6.544 | 1.964    | 388   | 112      | 55    | 0        | 27.380 | 19.592   | 72%                               | 7.788                 |
| % capturas<br>s/cupo | 86%     |          | 30%   |          | 29%   |          | 0%    |          | 72%    |          |                                   |                       |

## 1.1 EVOLUCIÓN DOS CUPOS E CAPTURAS.

Ao analizar os datos de cupos e capturas correspondentes ao período comprendido entre as tempadas de caza 2011/12 e 2019/20, obsérvase que das principais especies de caza maior **lévanse capturado unha media de 7 animais por cada 10 autorizados**.

Por tipo de animais, durante os últimos nove anos **cazáronse 137.464 xabarís, 51.031 corzos e 1.525 cervos**, pero a pesar dilo non se aprecian descensos substanciais nas súas poboacións, especialmente no xabaril, como veremos nas seguintes páxinas ao analizar os accidentes de circulación.

| EVOLUCIÓN DOS CUPOS E CAPTURAS DE CAZA MAIOR (Tempada 2011/12 a 2019/20) |         |          |        |          |       |          |       |          |              |          |                   |          |                           |
|--------------------------------------------------------------------------|---------|----------|--------|----------|-------|----------|-------|----------|--------------|----------|-------------------|----------|---------------------------|
|                                                                          | XABARIL |          | CORZO  |          | CERVO |          | MUFÓN |          | CABRA MONTÉS |          | TOTAL POR TEMPADA |          | % capturas s/cupo TEMPADA |
|                                                                          | CUPO    | CAPTURAS | CUPO   | CAPTURAS | CUPO  | CAPTURAS | CUPO  | CAPTURAS | CUPO         | CAPTURAS | CUPO              | CAPTURAS |                           |
| Tempada 2019/2020                                                        | 20.393  | 17.516   | 6.544  | 1.964    | 388   | 112      | 55    | 0        | S/D          | S/D      | 27.380            | 19.592   | 72%                       |
| Tempada 2018/2019                                                        | 18.867  | 15.157   | 10.406 | 4.349    | 641   | 162      | 55    | 0        | S/D          | S/D      | 29.969            | 19.668   | 66%                       |
| Tempada 2017/2018                                                        | 17.167  | 15.795   | 9.646  | 4.872    | 549   | 173      | 57    | 0        | 13           | 0        | 27.432            | 20.840   | 76%                       |
| Tempada 2016/2017                                                        | 17.460  | 15.183   | 10.116 | 4.850    | 479   | 177      | 15    | 0        | 13           | 1        | 28.083            | 20.211   | 72%                       |
| Tempada 2015/2016                                                        | 17.557  | 14.850   | 11.472 | 7.720    | 503   | 222      | 15    | 1        | 13           | 1        | 29.560            | 22.794   | 77%                       |
| Tempada 2014/2015                                                        | 18.127  | 13.841   | 10.991 | 5.806    | 487   | 175      | 105   | 1        | 13           | 12       | 29.723            | 19.835   | 67%                       |
| Tempada 2013/2014                                                        | 17.939  | 15.043   | 11.104 | 6.412    | 573   | 209      |       |          |              |          | 29.616            | 21.664   | 73%                       |
| Tempada 2012/2013                                                        | 18.591  | 15.215   | 11.576 | 7.510    | 669   | 149      |       |          |              |          | 30.836            | 22.874   | 74%                       |
| Tempada 2011/2012                                                        | 17.042  | 14.864   | 10.717 | 7.548    | 324   | 146      |       |          |              |          | 28.083            | 22.558   | 80%                       |
| Total cupos e capturas                                                   | 163.143 | 137.464  | 92.572 | 51.031   | 4.613 | 1.525    | 302   | 2        | 52           | 14       | 260.682           | 190.036  | 73%                       |
| % captura s/cupo por ANIMAL                                              | 84%     |          | 55%    |          | 33%   |          | 1%    |          | 27%          |          | 73%               |          |                           |



Nas últimas 9 tempadas, lévanse **cazando en toda a CCAA o 84% do cupo de xabarís autorizados**. En A Coruña e Lugo capturáronse máis de 9 de cada 10 xabarís autorizados, e en Ourense e Pontevedra preto de 8 de cada 10.

En canto ao corzo, no mesmo período, cazábase **o 55% do cupo autorizado**.

En A Coruña cazáronse 7 de cada 10 corzos autorizados, en Lugo preto de 5 de cada 10, e en Ourense e Pontevedra arredor de 6 de cada 10.

E por último, tamén se cazaba en toda a Comunidade o **33% do cupo de cervos autorizados**. En A Coruña capturábanse algo máis de 7 cervos de cada 10 autorizados, en Lugo preto de 3 e en Ourense 2,4 cervos de cada 10.

### EVOLUCIÓN CUPOS E CAPTURAS do XABARIL (Tempada 2011/12 a 2019/20)

|                                           | CORUÑA |         | LUGO  |         | OURENSE |         | PONTEVEDRA |         | TOTAL  |         | % capturas s/cupo por tempada |
|-------------------------------------------|--------|---------|-------|---------|---------|---------|------------|---------|--------|---------|-------------------------------|
|                                           | Cupo   | Captura | Cupo  | Captura | Cupo    | Captura | Cupo       | Captura | Cupo   | Captura |                               |
| Tempada 2019-2020                         | 3079   | 3265    | 7186  | 6361    | 7891    | 6152    | 2237       | 1738    | 20393  | 17516   | 86%                           |
| Tempada 2018-2019                         | 2841   | 2887    | 7172  | 6357    | 7018    | 4460    | 1836       | 1453    | 18867  | 15157   | 80%                           |
| Tempada 2017-2018                         | 2732   | 2534    | 6900  | 6310    | 5670    | 5534    | 1865       | 1417    | 17167  | 15795   | 92%                           |
| Tempada 2016-2017                         | 2700   | 2227    | 6505  | 6147    | 6412    | 5431    | 1843       | 1378    | 17460  | 15183   | 87%                           |
| Tempada 2015-2016                         | 2629   | 1997    | 6077  | 6350    | 6928    | 5186    | 1923       | 1317    | 17557  | 14850   | 85%                           |
| Tempada 2014-2015                         | 2534   | 2148    | 6767  | 5246    | 6864    | 5165    | 1962       | 1282    | 18127  | 13841   | 76%                           |
| Tempada 2013-2014                         | 2444   | 2267    | 6512  | 5673    | 6979    | 5609    | 2004       | 1494    | 17939  | 15043   | 84%                           |
| Tempada 2012-2013                         | 2297   | 2363    | 6064  | 5732    | 8206    | 5363    | 2024       | 1757    | 18591  | 15215   | 82%                           |
| Tempada 2011-2012                         | 2323   | 2008    | 5997  | 5596    | 6798    | 5642    | 1924       | 1618    | 17042  | 14864   | 87%                           |
| TOTAL 2011/2020                           | 23579  | 21696   | 59180 | 53772   | 62766   | 48542   | 17618      | 13454   | 163143 | 137464  | 84%                           |
| % capturas s/cupo 2011/2020 por Provincia | 92%    |         | 91%   |         | 77%     |         | 76%        |         | 84%    |         |                               |

### EVOLUCIÓN CUPOS E CAPTURAS DO CORZO (Tempada 2011/12 a 2019/20)

|                                           | CORUÑA |         | LUGO   |         | OURENSE |         | PONTEVEDRA |         | TOTAL  |         | % capturas s/cupo por tempada |
|-------------------------------------------|--------|---------|--------|---------|---------|---------|------------|---------|--------|---------|-------------------------------|
|                                           | Cupo   | Captura | Cupo   | Captura | Cupo    | Captura | Cupo       | Captura | Cupo   | Captura |                               |
| Tempada 2019-2020                         | 1.221  | 535     | 2.850  | 608     | 2.263   | 744     | 210        | 77      | 6.544  | 1.964   | 30%                           |
| Tempada 2018-2019                         | 1.802  | 962     | 4.308  | 1.444   | 4.055   | 1.787   | 241        | 156     | 10.406 | 4.349   | 42%                           |
| Tempada 2017-2018                         | 1.841  | 1.114   | 4.240  | 1.250   | 3.312   | 2.318   | 253        | 190     | 9.646  | 4.872   | 51%                           |
| Tempada 2016-2017                         | 2.036  | 1.257   | 4.110  | 1.215   | 3.735   | 2.215   | 235        | 163     | 10.116 | 4.850   | 48%                           |
| Tempada 2015-2016                         | 2.077  | 1.355   | 5.356  | 3.877   | 3.832   | 2.380   | 207        | 108     | 11.472 | 7.720   | 67%                           |
| Tempada 2014-2015                         | 2.086  | 1.533   | 4.954  | 2.015   | 3.720   | 2.131   | 231        | 127     | 10.991 | 5.806   | 53%                           |
| Tempada 2013-2014                         | 2.104  | 1.701   | 5.187  | 2.329   | 3.620   | 2.261   | 193        | 121     | 11.104 | 6.412   | 58%                           |
| Tempada 2012-2013                         | 1.974  | 1.819   | 4.740  | 3.167   | 4.693   | 2.404   | 169        | 120     | 11.576 | 7.510   | 65%                           |
| Tempada 2011-2012                         | 2.130  | 1.884   | 4.957  | 3.273   | 3.460   | 2.241   | 170        | 150     | 10.717 | 7.548   | 70%                           |
| TOTAL 2011/2020                           | 17.271 | 12.160  | 40.702 | 19.178  | 32.690  | 18.481  | 1.909      | 1.212   | 92.572 | 51.031  | 55%                           |
| % capturas s/cupo 2011/2020 por Provincia | 70%    |         | 47%    |         | 57%     |         | 63%        |         | 55%    |         |                               |

## EVOLUCIÓN CUPOS E CAPTURAS DO CERVO (Tempada 2011/12 a 2019/20)

|                                              | CORUÑA |         | LUGO |         | OURENSE |         | PONTEVEDRA |         | TOTAL |         | % capturas<br>s/cupo por<br>tempada |
|----------------------------------------------|--------|---------|------|---------|---------|---------|------------|---------|-------|---------|-------------------------------------|
|                                              | Cupo   | Captura | Cupo | Captura | Cupo    | Captura | Cupo       | Captura | Cupo  | Captura |                                     |
| Tempada 2019-2020                            | 98     | 64      | 64   | 11      | 226     | 37      | 0          | 0       | 388   | 112     | 29%                                 |
| Tempada 2018-2019                            | 113    | 82      | 74   | 23      | 454     | 57      | 0          | 0       | 641   | 162     | 25%                                 |
| Tempada 2017-2018                            | 125    | 83      | 52   | 4       | 372     | 86      | 0          | 0       | 549   | 173     | 32%                                 |
| Tempada 2016-2017                            | 114    | 79      | 50   | 11      | 315     | 87      | 0          | 0       | 479   | 177     | 37%                                 |
| Tempada 2015-2016                            | 99     | 81      | 31   | 15      | 373     | 126     | 0          | 0       | 503   | 222     | 44%                                 |
| Tempada 2014-2015                            | 94     | 62      | 34   | 13      | 359     | 100     | 0          | 0       | 487   | 175     | 36%                                 |
| Tempada 2013-2014                            | 84     | 69      | 46   | 20      | 443     | 120     | 0          | 0       | 573   | 209     | 36%                                 |
| Tempada 2012-2013                            | 63     | 47      | 37   | 10      | 569     | 92      | 0          | 0       | 669   | 149     | 22%                                 |
| Tempada 2011-2012                            | 62     | 53      | 29   | 9       | 233     | 84      | 0          | 0       | 324   | 146     | 45%                                 |
| TOTAL 2011/2020                              | 852    | 620     | 417  | 116     | 3.344   | 789     | 0          | 0       | 4.613 | 1.525   | 33%                                 |
| % capturas s/cupo<br>2011/2020 por Provincia | 73%    |         | 28%  |         | 24%     |         |            |         | 33%   |         |                                     |

## 1.2 SINIESTRALIDADE PRODUCIDA POLOS ANIMAIS CINEXÉTICOS.

Durante o ano 2020 rexistráronse en Galicia **4.935 accidentes de circulación producidos por animais**, dos que **4.875 foron accidentes de danos materiais e 60 con vítimas**. Do total de accidentes computados pola DXT, **4.311 foron causados por animais cinexéticos e os 624 restantes ocasionáronos outro tipo de animais** (caninos, caprinos, equinos, felinos, ovinos, porcinos, vacún, e outros).

É dicir, preto de **9 de cada 10 accidentes rexistrados foron provocados polos principais animais de caza maior e raposo** pero tamén houbo 6 accidentes producidos por coellos e lebres.

Sen embargo, a pesar de que o número de accidentes producidos por **outros animais non cinexéticos** é considerablemente inferior aos producidos polos animais de caza, ao analizar os datos polo miúdo obsérvase que **foi precisamente neste tipo de sinistros onde se rexistrou a porcentaxe máis alta de accidentes con vítimas**, un 3,36 % (21 vítimas en 624 accidentes) fronte ao 0,90% que se rexistraron nos accidentes ocasionados pola fauna cinexética (39 vítimas en 4.311 accidentes).

### ACCIDENTES PROVOCADOS POR ANIMAIS (2020)



ACCIDENTES ANIMAIS DE CAZA



ACCIDENTES OUTROS ANIMAIS  
NON CINEXÉTICO

A pesar do extraordinario esforzo que realizan as sociedades de caza para controlar a alta densidade das especies de caza maior, o seu censo estase a manter en cifras semellantes durante os últimos anos, e consecuentemente o número de sinistros producidos por estes animais segue a incrementarse ano tras ano. Así, no 2020 volveuse a superar o número de accidentes do ano anterior, **pasando dos 4.272 do ano 2019 aos 4.311 actuais, aínda que**


**durante varios meses a circulación de vehículos polas estradas reduciuse notablemente debido ao confinamento motivado pola situación sanitaria.**

**O xabril segue a ser o animal de caza que provoca o maior número de sinistros, con preto de 8 accidentes de cada 10, a pesar de que durante a última tempada o número de capturas incrementouse respecto a tempadas anteriores.**


| ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN PRODUCIDOS POR ANIMAIS CINEXÉTICOS (ano 2020) |                 |         |                 |         |                 |         |                 |         |                 |         |                 |         |                                    |         |                  |                            |
|-------------------------------------------------------------------------|-----------------|---------|-----------------|---------|-----------------|---------|-----------------|---------|-----------------|---------|-----------------|---------|------------------------------------|---------|------------------|----------------------------|
|                                                                         | Xabaril         |         | Corzo           |         | Cervo           |         | Lobo            |         | Raposo          |         | Coello e lebre  |         | Total accidentes por tipo de danos |         | TOTAL ACCIDENTES | % Accidentes por provincia |
|                                                                         | Danos Materiais | Vítimas | Danos Materiais | Vítimas | Danos Materiais | Vítimas | Danos Materiais | Vítimas | Danos Materiais | Vítimas | Danos Materiais | Vítimas | Danos Materiais                    | Vítimas |                  |                            |
| CORUÑA                                                                  | 744             | 12      | 124             | 3       | 8               | 0       | 2               | 0       | 19              | 0       | 0               | 0       | 897                                | 15      | 912              | 21,16%                     |
| LUGO                                                                    | 1109            | 10      | 424             | 1       | 3               | 0       | 2               | 0       | 42              | 0       | 2               | 0       | 1.582                              | 11      | 1.593            | 36,95%                     |
| OURENSE                                                                 | 935             | 2       | 308             | 0       | 0               | 0       | 2               | 0       | 15              | 0       | 3               | 0       | 1.263                              | 2       | 1.265            | 29,34%                     |
| PONTEVEDRA                                                              | 458             | 10      | 56              | 0       | 4               | 0       | 0               | 0       | 12              | 0       | 0               | 1       | 530                                | 11      | 541              | 12,55%                     |
| TOTAL                                                                   | 3.246           | 34      | 912             | 4       | 15              | 0       | 6               | 0       | 88              | 0       | 5               | 1       | 4.272                              | 39      | 4.311            |                            |
| % Accidentes por animal                                                 | 76,08%          |         | 21,25%          |         | 0,35%           |         | 0,14%           |         | 2,04%           |         | 0,14%           |         |                                    |         |                  |                            |

| ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN PRODUCIDOS POR OUTRO TIPO DE ANIMAIS (ano 2020) |                 |         |                 |         |                 |         |                 |         |                                                |         |                                            |         |                                    |         |                  |  |
|---------------------------------------------------------------------------|-----------------|---------|-----------------|---------|-----------------|---------|-----------------|---------|------------------------------------------------|---------|--------------------------------------------|---------|------------------------------------|---------|------------------|--|
|                                                                           | Caninos         |         | Aves            |         | Teixugo         |         | Gato montés     |         | Caprino, Equino, felino, ovino, porcino, vacún |         | Outros animais e animais non identificados |         | Total accidentes por tipo de danos |         | TOTAL ACCIDENTES |  |
|                                                                           | Danos Materiais | Vítimas | Danos Materiais | Vítimas | Danos Materiais | Vítimas | Danos Materiais | Vítimas | Danos Materiais                                | Vítimas | Danos Materiais                            | Vítimas | Danos Materiais                    | Vítimas |                  |  |
| CORUÑA                                                                    | 83              | 1       | 4               | 0       | 24              | 0       | 0               | 0       | 22                                             | 2       | 38                                         | 0       | 171                                | 3       | 174              |  |
| LUGO                                                                      | 68              | 0       | 2               | 0       | 27              | 0       | 0               | 0       | 27                                             | 5       | 22                                         | 0       | 146                                | 5       | 151              |  |
| OURENSE                                                                   | 72              | 2       | 0               | 0       | 7               | 0       | 0               | 0       | 15                                             | 1       | 19                                         | 1       | 113                                | 4       | 117              |  |
| PONTEVEDRA                                                                | 96              | 3       | 2               | 0       | 10              | 0       | 1               | 0       | 39                                             | 3       | 25                                         | 3       | 173                                | 9       | 182              |  |
| TOTAL                                                                     | 319             | 6       | 8               | 0       | 68              | 0       | 1               | 0       | 103                                            | 11      | 104                                        | 4       | 603                                | 21      | 624              |  |

A estatística mensual de siniestralidade facilitada pola DXT, aínda que non debulla os datos por tipo de animal, amósanos unha idea da **repercusión dos animais de caza nos accidentes, observándose que o pico máis alto de siniestralidade coincide precisamente cos meses da actividade cinexética.**



No período comprendido entre os anos 2010 e 2020 se tomamos como referencia os sinistros producidos polos **principais animais de caza maior e raposo**, obviando os datos residuais doutros animais de caza, obsérvase un incremento do 56,35% no número de accidentes, **pasando dos 1.879 accidentes do ano 2010 aos 4.305 actuais, multiplicándose por preto de 3 os provocados polo xabaril.**



**Lugo e Ourense, a pesar de ser as provincias con maior número capturas, seguen a ser tamén onde se produce a maior siniestralidade**, o que evidencia a gran densidade de poboación de caza maior e raposo en ámbalas-dúas provincias.

|            | Ano 2020 | Ano 2019 | Ano 2018 | Ano 2017 | Ano 2016 | Ano 2015 | Ano 2014 | Ano 2013 | Ano 2012 | Ano 2011 | Ano 2010 | Media acctes |
|------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|--------------|
| CORUÑA     | 912      | 827      | 689      | 715      | 649      | 593      | 432      | 489      | 493      | 305      | 450      | 596          |
| LUGO       | 1.591    | 1.662    | 1.108    | 1.257    | 1.196    | 1.114    | 925      | 947      | 973      | 515      | 729      | 1092         |
| OURENSE    | 1.262    | 1.281    | 819      | 940      | 992      | 798      | 605      | 623      | 520      | 255      | 480      | 780          |
| PONTEVEDRA | 540      | 502      | 323      | 354      | 324      | 238      | 213      | 267      | 235      | 153      | 220      | 306          |
| TOTAL      | 4.305    | 4.272    | 2.939    | 3.266    | 3.161    | 2.743    | 2.175    | 2.326    | 2.221    | 1.228    | 1.879    | 2774         |




### 1.3 SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL DE TECOR E SINIESTRALIDADE.

Durante o ano 2020, **194 tecores** xestionados por entidades de caza federadas tiñan concertado o seguro de responsabilidade civil de cotos con Mutuasport ou con outras aseguradoras a través da FGC, 8 máis que no ano anterior.

Ao analizar os datos por provincias obsérvase que **A Coruña e Lugo teñen asegurados arredor**

**de 6 tecores de cada 10**, Pontevedra ten 5 de cada 10 e Ourense ten 2 de cada 10.

En canto aos sinistros entre os tecores asegurados a través da FGC, a media foi de **0,25 sinistro por tecor asegurado**, non obstante este dato debe tomarse con reservas dado que os sinistros producidos nos últimos meses do ano puideran non estar declarados ante as respectivas aseguradoras e polo tanto aperturarse no ano seguinte.



## 2. CAZA MENOR.

Ante a falta de estatísticas de capturas da caza menor, avalíase neste apartado o aproveitamento do **paspallás nos tecores da antiga Lagoa de Antela**, na provincia de Ourense.

Durante a tempada 2019/2020, a cota de capturas autorizadas para esta especie era de **16.650**

**exemplares dos que se cobraron 10.060 paspallás**, algo máis dun 60% da cota autorizada, quedando un remanente de **6.590 exemplares**.

Desde a tempada 2015/16 ata a 2019/20 **lévanse cobrado un total de 40.581 exemplares de paspallás dos 81.750 autorizados**, practicamente a metade das especies autorizadas.




| EVOLUCIÓN DOS CUPOS E CAPTURAS DO PASPALLÁS<br>(Tempada 2015/16 a 2019/2020) |        |          |           |                   |
|------------------------------------------------------------------------------|--------|----------|-----------|-------------------|
|                                                                              | Cupo   | Capturas | Remanente | % capturas s/cupo |
| Tempada 19/20                                                                | 16.650 | 10.060   | 6.590     | 60,42%            |
| Tempada 18/19                                                                | 16.650 | 7.145    | 9.505     | 42,91%            |
| Tempada 17/18                                                                | 16.650 | 9.242    | 7.408     | 55,51%            |
| Tempada 16/17                                                                | 15.000 | 6.124    | 8.876     | 40,83%            |
| Tempada 15/16                                                                | 16.800 | 8.010    | 8.790     | 47,68%            |
| TOTAL 2015-2020                                                              | 81.750 | 40.581   | 41.169    | 49,64%            |

## A caza como actividade deportiva.

### 1. SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA OFICIAL.

A situación de emerxencia sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19 que paralizou o país desde mediados de marzo, e o posterior acordo do Comité Interautonómico da Real Federación Española de Caza de suspender as competicións, fixo que a Xunta Executiva da FGC, tras avaliar todos os pormenores, optase por **suspender tamén en Galicia todas as competicións deportivas oficiais para non poñer en risco a saúde dos seus deportistas, xuíces e organizadores, ante a incertidume da evolución da pandemia.**



| ADESTRAMENTOS PRE-COMPETICIÓN 2020 |    |    |    |    |       |
|------------------------------------|----|----|----|----|-------|
|                                    | CO | LU | OU | PO | TOTAL |
| Agility                            |    |    |    |    | 0     |
| Arceas                             |    |    |    |    | 0     |
| Arco                               |    |    |    |    | 0     |
| Cans de Parada                     |    | 2  |    | 1  | 3     |
| Caza Menor                         |    |    |    |    | 0     |
| Cetraría                           |    |    |    |    | 0     |
| Compak Sporting                    | 1  |    |    | 1  | 2     |
| Field Target                       |    |    |    |    | 0     |
| Paxariles                          |    |    |    |    | 0     |
| Percorridos Caza                   | 1  |    |    | 3  | 4     |
| Raposo                             |    |    |    |    | 0     |
| Rastro Coello                      |    |    |    |    | 0     |
| Rastro Xabarlil                    |    |    |    |    | 0     |
| San Huberto                        |    |    |    |    | 0     |
|                                    | 2  | 2  | 0  | 5  | 9     |

Ante as peticións recibidas de clubs e deportistas para que estes últimos puideran manterse en forma de cara ao calendario 2021, a FGC acordaba informar favorablemente aquelas **probos preparatorias de adestramento pre-competición** solicitadas por clubs e sociedades pero adaptándoas ao cumprimento dun rigoroso protocolo sanitario. Finalmente, á vista da inseguridade sanitaria, clubs, sociedades e deportistas optaban por evitar riscos, o que fixo que **únicamente se levaran a cabo 9 probos de adestramento pre-competición** durante todo o ano.

### 2. PROTOCOLOS SANITARIOS.


A pesar da suspensión das competicións, desde o minuto 0, a FGC **traballaba infatigablemente nos diferentes protocolos sanitarios coa ilusión posta na volta á normalidade**, e por tanto tamén ás competicións, modificando practicamente día a día os protocolos para adaptalos ás normas sanitarias que se ían publicando mesmo a veces a diario, e facíase acopio de material hixiénico-sanitario para a volta á actividade.

**Foi moi laborioso redactar pero sobre todo ter actualizados permanentemente os numerosos protocolos**, porque había que personalizalos para adaptalos ás peculiaridades propias de cadaunha das actividades: protocolos para agility, para arco, para cans de parada, para cetraría, para tiro, para paxariles, para rastro, para san huberto, para as competicións de caza, pero tamén para o desenvolvemento de cazaría colectivas e individuais que se poñían a disposición de todas as sociedades de caza, para adestramentos individuais, para instalacións deportivas, etc. etc.



### 3. COMPETICIÓNS ANTES DA COVID.

Entre o 1 de xaneiro e o 8 de marzo, antes da declaración do estado de alarma, disputáronse 16 competicións do calendario oficial, das especialidades deportivas de Agility, Arceas, Cans de Parada, Cetraría, Raposo e San Huberto, nas que participaron 1.596 deportistas e 194 xuíces.





## Formación.

### 1. CURSO DE FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES (xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza) E CURSO DE SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS.

A crise sanitaria motivada pola expansión da **COVID-19** fixo que a FGC, por precaución sanitaria, **evitara tamén a celebración presencial dos cursos** que vén desenvolvendo anualmente en convenio coa Consellería CMATV, **realizándose, tanto o curso de *Formación de Responsables de Sociedades* como o de *Seguridade na Caza*, de xeito online a través do campus virtual da Escola de Caza da FGC**, o que permitiu aos cazadores seguir formándose comodamente, desde os seus domicilios, sen horarios nin desprazamentos, e sobre todo sen por en risco nin a súa saúde nin a de terceiros.

Aínda que, dada a situación, todo apuntaba a que sería complicado manter os mesmos niveis de participación que en edicións anteriores, **o resultado foi todo un éxito, con 380 alumnos matriculados.**



**EscolaDeCaza.gal**

**CURSOS ONLINE 2020**  
Campus virtual da EscolaDeCaza.gal

FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA  
Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza - 3ª convocatoria online

PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA  
Seguridade na caza e primeiros auxilios - 1ª convocatoria online

**Matriculación gratuíta**  
Data límite: 5 de setembro de 2020  
Solicita o boletín de inscrición na Federación  
☎ 981 562 777  
✉ escola@federaciongalegacaza.com

 Federación Galega de Caza  
www.federaciongalegacaza.com

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERREIRO E VIVIENDA

A organización supuxo un gran desafío para a FGC, pois se organizar cursos presenciais require dunha bagaxe e coordinación extraordinaria, facelo virtualmente foi todo un reto tanto para os relatores como para a federación. A preparación, por escrito, dos 16 temas de ***Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*** e a actualización dos 15 temas de ***Formación de Responsables de Sociedades***, supuxo un gran esforzo e moitas horas de traballo conxunto entre a FGC e os autores dos diferentes temas.

Finalmente, o día **1 de outubro iniciábanse ámbolos dous cursos, que remataban o 31 do mesmo mes.**

Durante a última semana de outubro aqueles alumnos que así o desexaban sometíanse a un exame final para avaliar os coñecementos adquiridos.

O cuestionario de avaliación consistía en 50 preguntas tipo test sobre o temario impartido en cadaun dos cursos. Para resultar APTO os alumnos debían responder correctamente alomenos ao 60% das preguntas en 45 minutos. Os alumnos que resultaban APTOS recibían un carné acreditativo así como a certificación correspondente de ter superado o curso, con expresión dos contidos e das horas lectivas.

Dos 380 alumnos matriculados, realizaron a proba de avaliación final 283, resultando APTOS o 99% dos que se someteron ao exame final.

| CURSO                                                     | Alumnos matriculados | Alumnos presentados á avaliación final | ALUMNOS APTOS | Puntuación media | % alumnos matriculados que se presentaron á avaliación final | % alumnos que resultaron APTOS |
|-----------------------------------------------------------|----------------------|----------------------------------------|---------------|------------------|--------------------------------------------------------------|--------------------------------|
| Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza. | 183                  | 131                                    | 128           | 42,02 S/50       | 72%                                                          | 98%                            |
| Seguridade na caza e primeiros auxilios.                  | 197                  | 152                                    | 152           | 44,36 S/48       | 77%                                                          | 100%                           |
|                                                           | 380                  | 283                                    | 280           |                  | 75%                                                          | 99%                            |

A formación constaba de **31 temas** elaborados por **15 relatores** especialistas nas diferentes materias impartidas, en coordinación coa FGC encargada do deseño e estrutura dos mesmos. E co obxecto de coñecer o grao de satisfacción dos alumnos, a FGC pasáballes unha enquisa en relación á formación recibida.

## 1.1 TEMARIO E RELATORES.

O curso de **Formación de Responsables de Sociedades: Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza** constaba de **15 temas divididos en 4 bloques** (lexislación, o réxime documental, o réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal, e as comunicacións internas e externas da asociación) **elaborados por 5 especialistas nos distintos contidos.**

| CURSO DE FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES:<br>Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza |                                                                                                                                                                          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Bloque 1: LEXISLACIÓN.                                                                                        |                                                                                                                                                                          |
| Tema 1:                                                                                                       | Lei do Deporte de Galicia.                                                                                                                                               |
| Tema 2:                                                                                                       | Socios/as, admisión, clases, dereitos, deberes e expulsión.                                                                                                              |
| Tema 3:                                                                                                       | Os órganos de goberno e representación: convocatorias, competencias e acordos.                                                                                           |
| Tema 4:                                                                                                       | O proceso electoral: convocatoria, calendario, xunta xestora, xunta electoral, mesa electoral e candidaturas.                                                            |
| Tema 5:                                                                                                       | O regulamento de réxime interno da asociación.                                                                                                                           |
| Tema 6:                                                                                                       | A responsabilidade dos/as socios/as, directivos/as e sociedade.                                                                                                          |
| Tema 7:                                                                                                       | A responsabilidade civil da sociedade nos danos a cultivos.                                                                                                              |
| Tema 8:                                                                                                       | Os seguros de responsabilidade civil: responsabilidade civil do cazador/a e da sociedade.                                                                                |
| Bloque 2: O RÉXIME DOCUMENTAL.                                                                                |                                                                                                                                                                          |
| Tema 9:                                                                                                       | Os libros obrigatorios dunha entidade asociativa, a súa levanza e a súa legalización: libro de rexistro de socios/as, libro de actas e libros de contabilidade.          |
| Bloque 3: O RÉXIME ECONÓMICO, FINANCEIRO, PATRIMONIAL E FISCAL.                                               |                                                                                                                                                                          |
| Tema 10:                                                                                                      | As contas anuais: o patrimonio, os dereitos e obrigacións; os ingresos e gastos; o orzamento e os requisitos para gravar e enaxenar bens da entidade.                    |
| Tema 11:                                                                                                      | A responsabilidade do tesoreiro/a: disposición de fondos, facturas e forma de pago.                                                                                      |
| Tema 12:                                                                                                      | As obrigas tributarias: CIF, exención do IVE, imposto de sociedades.                                                                                                     |
| Bloque 4: AS COMUNICACIÓNS INTERNAS E EXTERNAS DA ASOCIACIÓN.                                                 |                                                                                                                                                                          |
| Tema 13:                                                                                                      | As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa FGC.                                                                                                          |
| Tema 14:                                                                                                      | O plan de ordenación cinexético, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazarías, comunicación de resultados e relación de cazadores/as. Outras comunicacións. |
| Tema 15:                                                                                                      | As comunicacións coa Consellería de competente en materia de caza: A aplicación informática de caza. Suposto práctico.                                                   |
| VÍDEO SOBRE SEGURIDADE NAS CAZARÍAS.                                                                          |                                                                                                                                                                          |





Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



#### RELATOR/A

#### CARGO

|                                       |                                                                             |
|---------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|
| Andrade Expósito, Dario               | Técnico de Caza da CMATV. Cazador.                                          |
| González Justo, M <sup>a</sup> Teresa | Avogada. Asesora Xurídica da FGC.                                           |
| Nogueira Diz, Javier                  | Conselleiro de Mutuasport, Presidente da FGC. Cazador. Empresario.          |
| Quintas Ramos, Diego                  | Enxeñeiro Téc. Agrícola. Cazador. Membro fundador das Xuventudes pola Caza. |
| Rey Coteló, Mariluz                   | Téc. Sup. Administración e Finanzas. Xefa Admón FGC.                        |

A formación de **Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios** constaba de **16 temas divididos en 5 bloques** (seguridade nas cazarías colectivas, lexislación, manipulación e seguridade no consumo de carne de caza, a contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza e primeiros auxilios) **elaborados por 10 expertos relatores nas diferentes materias.**

### CURSO DE SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS

#### Bloque 1: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS COLECTIVAS.

- Tema 1: Fase de inicio e preparación da cazaría.
- Tema 2: Fase de execución da cazaría.
- Tema 3: Finalización da cazaría.
- Tema 4: Normas de seguridade na caza e decálogo do cazador.
- Tema 5: Decálogo de Seguridade. O cazador novel.
- Tema 6: Protocolo sanitario fronte á COVID-19.

#### Bloque 2: LEXISLACIÓN.

- Tema 7: As infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarías.
- Tema 8: Os seguros de responsabilidade civil: A responsabilidade civil do cazador e a responsabilidade civil da sociedade de caza.

#### Bloque 3: MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DE CARNE DE CAZA.

- Tema 9: Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza: nocións xerais.
- Tema 10: Prevención de enfermidades: peste porcina africana (PPA) e triquinose.

#### Bloque 4: A CONTRIBUCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SEGURIDADE DA CAZA.

- Tema 11: O uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade.
- Tema 12: A imaxe do cazador/a e as redes sociais.

#### Bloque 5: PRIMEIROS AUXILIOS

- Tema 13: Actuación ante un accidente de caza: torceduras, luxación, fracturas óseas e outras.
- Tema 14: Actuación ante outro tipo de accidente ou enfermidades comúns.
- Tema 15: Actuación ante o accidente do can.
- Tema 16: O botiquín de primeiros auxilios do cazador/a.

#### RELATOR/A

#### CARGO

|                                       |                                                                                                                                 |
|---------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Andrade Expósito, Dario               | Técnico de Caza da CMATV. Cazador.                                                                                              |
| Arrojo Reguera, Antón                 | Director Galicia Cinexética. Cazador. Biólogo.                                                                                  |
| Díaz Fernández, Silvia                | Médico do SERGAS. Cazadora.                                                                                                     |
| Fidalgo Álvarez, Luis Eusebio         | Doutor en Veterinaria da USC. Cazador.                                                                                          |
| González Justo, M <sup>a</sup> Teresa | Avogada. Asesora Xurídica da FGC.                                                                                               |
| Moure Caneda, José                    | Coordinador FGC ante a Secretaría Xeral para o Deporte dos Protocolos Fisicovid. Secretario Xeral da FGC. Cazador. Funcionario. |
| Nogueira Diz, Javier                  | Conselleiro de Mutuasport, Presidente da FGC. Cazador. Empresario.                                                              |
| Pallas Lage, Diego                    | Téc. Sup. Xestión Forestal e Conservación do Medio. Natural. Representante Xuventudes pola Caza. Cazador.                       |
| Sánchez Pontón, Carlos                | Xornalista.                                                                                                                     |
| Vidal Lamela, José Manuel             | Secretario Xeral FGC Lugo. Cazador. Funcionario.                                                                                |

## 1.2 ENQUISA DE SATISFACCIÓN.

Durante o desenvolvemento dos cursos, co obxecto de mellorar a calidade formativa, pedíaseles aos alumnos, de xeito anónimo e voluntario, que responderan a un cuestionario relacionando coa formación impartida, solicitándolle que contestaran con obxectividade.

| CURSO                                                     | Alumnos matriculados | Enquisas contestadas | % alumnos que responderon enquisa |
|-----------------------------------------------------------|----------------------|----------------------|-----------------------------------|
| Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza. | 183                  | 69                   | 38%                               |
| Seguridade na caza e primeiros auxilios.                  | 197                  | 74                   | 38%                               |
|                                                           | 380                  | 143                  | 38%                               |

143 alumnos manifestaron a súa opinión sobre a formación recibida, ou o que é o mesmo preto de **2 de cada 5 responderon a enquisa**.

Á pregunta "**¿resolveu as súas dúbidas?**", o **64% dos enquisados sinalaban que as resolveu "totalmente"**, mentres que o 36% manifestaban telas resolto "algún casos".

Preguntados sobre "**¿como atopou o contido do curso?**", **7 enquisados de cada 10 respondían que "moi útil"**, mentres que 3 de cada 10 contestaban que o atopan "aconsellable".

E á pregunta "**¿acadou os obxectivos que agardaba?**", **9,5 enquisados de cada 10 manifestaban que "si"**, mentres que 0,50 de cada 10 dicían telos acadados "de xeito parcial".

| PREGUNTAS                           | TOTAL RESPOTAS                              |                                         |                | % RESPOTAS                                  |                                         |                  |
|-------------------------------------|---------------------------------------------|-----------------------------------------|----------------|---------------------------------------------|-----------------------------------------|------------------|
|                                     | Xestión interna e admva dunha sdade de caza | Seguridade na caza e primeiros auxilios | TOTAL RESPOTAS | Xestión interna e admva dunha sdade de caza | Seguridade na caza e primeiros auxilios | % TOTAL RESPOTAS |
| ¿Resolveu as súas dúbidas?          |                                             |                                         |                |                                             |                                         |                  |
| Totalmente                          | 41                                          | 50                                      | 91             | 59%                                         | 68%                                     | 64%              |
| Nalgúns casos                       | 28                                          | 24                                      | 52             | 41%                                         | 32%                                     | 36%              |
| Case nunca                          | 0                                           | 0                                       | 0              |                                             |                                         |                  |
| ¿Como atopou o contido do curso?    |                                             |                                         |                |                                             |                                         |                  |
| Moi útil                            | 52                                          | 48                                      | 100            | 75%                                         | 65%                                     | 70%              |
| Aconsellable                        | 17                                          | 26                                      | 43             | 25%                                         | 35%                                     | 30%              |
| Sen utilidade                       | 0                                           | 0                                       | 0              |                                             |                                         |                  |
| ¿Acadou os obxectivos que agardaba? |                                             |                                         |                |                                             |                                         |                  |
| Si                                  | 65                                          | 71                                      | 136            | 94%                                         | 96%                                     | 95%              |
| De xeito parcial                    | 4                                           | 3                                       | 7              | 6%                                          | 4%                                      | 5%               |
| Non                                 | 0                                           | 0                                       | 0              |                                             |                                         |                  |



## A actividade da asesoría xurídica.

Os cazadores e as sociedades de caza federadas dispoñen dunha asesoría xurídica gratuíta a cargo dunha experta avogada en lexislación cinexética e deportiva.

A pesar de que todo indicaba que a crise sanitaria reduciría substancialmente a actividade, a inseguridade xerada polos constantes cambios normativos fixo que o traballo da asesoría xurídica non só non decaera senón que se mantivera en niveis doutros anos, chegando incluso a xerar situacións de atasco en momentos puntuais polas numerosas consultas que formulaban as sociedades e os cazadores.

**Preto de 6 de cada 10 trámites informados pola Asesoría Xurídica corresponden a asesoramento e consultas externas, realizadas por sociedades e cazadores, incluídos os expedientes disciplinarios e as achegas a denuncias de caza formuladas contra ambos. Pero tamén houbo outro tipo de informes internos e externos sobre diferentes materias e mesmo actuacións ante os Tribunais para defender os intereses das sociedades de caza no conflito coa aseguradora Caser así como a defensa das sociedades nas demandas por danos a cultivos.**

Durante os últimos 8 anos (de 2013 a 2020) a **Asesoría Xurídica** emitiu unha **media de 689 informes anuais**, é dicir preto de 2 informes técnicos diarios, e deles **o 60% correspondían a informes externos realizados a petición das sociedades e dos cazadores federados.**

De feito, unha boa parte dos 638 informes xurídicos realizados durante este ano foron sobre **a normativa e protocolos sanitarios** (consultas sobre restricións nas cazarías, adestramentos, desprazamentos, peches perimetrais, celebración de asembleas, celebración de eleccións nas sociedades, etc. etc) **pero tamén se tramitaron 6 expedientes disciplinarios entre socios e sociedades, realizáronse actos de conciliación, formuláronse achegas a expedientes de denuncias de caza e respondéronse numerosas consultas a sociedades e federados en materia legal.**




|                                                              | Ano 2020 | Ano 2019 | Ano 2018 | Ano 2017 | Ano 2016 | Ano 2015 | Ano 2014 | Ano 2013 | Total período 2020-2013 | Media de informes anuais (2020-2013) |
|--------------------------------------------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|-------------------------|--------------------------------------|
| Consultas e informes a sociedades de caza                    | 137      | 168      | 130      | 160      | 195      | 215      | 163      | 188      | 1356                    | 170                                  |
| Consultas e informes a cazadores                             | 122      | 132      | 85       | 100      | 123      | 130      | 136      | 50       | 878                     | 110                                  |
| Achegas a Exptes de denuncias de caza sociedades e cazadores | 73       | 70       | 74       | 95       | 94       | 157      | 146      | 143      | 852                     | 107                                  |
| Exptes disciplinarios e conciliacións (sociedades-socios)    | 26       | 33       | 11       | 36       | 27       | 39       | 24       | 6        | 202                     | 25                                   |
| Outros                                                       | 230      | 254      | 231      | 323      | 243      | 161      | 272      | 179      | 1893                    | 237                                  |
| Tribunais                                                    | 50       | 48       | 28       | 23       | 81       | 99       | 0        | 0        | 329                     | 41                                   |
|                                                              | 638      | 705      | 559      | 737      | 763      | 801      | 741      | 566      | 5510                    | 689                                  |
| % INFORMES EXTERNOS (sdades e socios)                        | 56,11%   | 57,16%   | 53,67%   | 53,05%   | 57,54%   | 67,54%   | 63,29%   | 68,37%   | 59,67%                  |                                      |

## As emisoras de radiofrecuencia.

O uso de aparellos de radiofrecuencia (emisoras) durante a práctica da caza é unha **ferramenta de seguridade para os cazadores e reduce notablemente o risco de accidentes.**

De feito, nos últimos anos vense constatando que o uso deste tipo de dispositivos na actividade cinexética ademais de ofrecer unha maior coordinación e comunicación entre os participantes das cacerías colectivas tamén minora o número de incidentes e accidentes.


Para que os cazadores poidan utilizar legalmente este tipo de aparellos, a **FGC conta coa correspondente autorización de Telecomunicacións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico para a actividade cinexética nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e desde o ano 2014 ten a cesión temporal da rede de Lugo** mediante convenio subscrito coa Asociación Lucense de Caza. A rede da FGC dispón de **25 frecuencias autorizadas para o uso dos federados.**



| RELACIÓN FEDERADOS-EMISORAS POR PROVINCIA (2020) |                                 |                                 |                                   |                  |                                    |
|--------------------------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|-----------------------------------|------------------|------------------------------------|
|                                                  | Licenzas uso Emisora Provincial | Licenzas uso Emisora Autonómica | Total Licenzas de uso de Emisoras | Número federados | % federados con licenza de Emisora |
| CORUÑA                                           | 797                             | 2350                            | 3147                              | 7331             | 42,93%                             |
| LUGO                                             | 4722                            | 459                             | 5181                              | 5461             | 94,87%                             |
| OURENSE                                          | 223                             | 783                             | 1006                              | 1797             | 55,98%                             |
| PONTEVEDRA                                       | 179                             | 1183                            | 1362                              | 5571             | 24,45%                             |
|                                                  | 5921                            | 4775                            | 10696                             | 20160            | 53,06%                             |

**5 de cada 10 federados empregaron durante o 2020 as frecuencias da FGC. Deles, o 55% optaron pola licenza de uso provincial fronte ao 45% que elixiron a de uso autonómico, válida para utilizar en todas as provincias galegas.**

Desde a posta en marcha da licenza de emisora de uso autonómico (no ano 2014) ata a actualidade, os federados foron transformando maioritariamente as súas licenzas provinciais en autonómicas, agás na provincia de Lugo onde son maioritariamente de uso provincial.



## O club de descontos exclusivo para federados.

O Club de Descontos Exclusivo para Cazadores Federados ten por obxecto **facilitar aos cazadores federados as mellores ofertas nos artigos e servizos que precisen para a práctica da actividade cinexética ou actividades relacionadas con ela**, e ao mesmo tempo abre a posibilidade de que os establecementos vencellados á caza poidan agruparse para ofrecer os seus produtos.

Durante este ano producíronse 4 novas altas, e causaron baixa 2 establecementos; **rematando o ano con 87 establecementos asociados**. Deles, 45 ubícanse na provincia de A Coruña, 8 na Lugo, 8 na Ourense e 20 na de Pontevedra, pero tamén hai 1 de ámbito autonómico, e 5 de fora da CCAA.



Ao analizar o tipo de establecementos en función da actividade que desenvolven, obsérvase que **máis da metade deles, un 52%, son centros psicotécnicos e clínicas médicas**, pero tamén hai veterinarios, perruquerías de cans, armerías, tendas de deportes, tendas especializadas en aparellos de radiofrecuencia, fisioterapeutas, centros auditivos, alimentación canina, servizos de caza e servizos ambientais, hoteis, restaurantes, tendas de trofeos, gasolineras, xestorías, revistas e matadoiros, entroutros.



Esta iniciativa poñíase en marcha no ano 2012, **pasándose dos 32 establecementos daquel ano aos 87 actuais**.



## As comunicacións da FGC.

Un dos retos máis importantes da FGC é manter informados puntualmente ás sociedades de caza e aos cazadores en xeral, particularmente aos federados, das numerosas actividades e actuacións pero é tanta a información que xera o ente federativo, no aspecto cinexético e tamén no deportivo, que moitas veces unhas informacións solapan outras, sendo este un gran desafío para o equipo de comunicación no seu afán de trasladar ao colectivo todas aquelas noticias que polo seu alcance puidera afectar a cazadores ou sociedades de caza.



Durante o 2020 a comunicación adquiría un peso aínda maior por mor da situación excepcional que provocaba a pandemia sanitaria. Foron meses de enorme incertidume, con novas e escairos cambiantes no eido cinexético e deportivo. Foi clave a comunicación intensa e áxil da FGC a través das súas canles de comunicación, páxina web e redes sociais, que mantiñan puntualmente informados a cazadores e sociedades. De feito a páxina web foi durante meses a oficina de información do cazador galego, o que se traduciu nun notable incremento de visitas e interaccións nas diferentes publicacións que se ían realizando nos perfís de facebook e twitter.

### 1. PÁXINA WEB.



#### 1.1 LIXEIRO REPUNTE DAS VISITAS.

Con 71.021 visitas absolutas no 2020, **prodúcese un lixeiro aumento (preto do 1%)** respecto ao ano anterior, aínda que sen chegar ás cifras do 2018.



Aínda que o aumentou pode non parecer significativo dada a situación vivida no 2020, **hai que ter en conta a ausencia de competicións neste ano, sen dúbida o principal motor de visitas** na páxina web da FGC.

#### 1.2 INFORMACIÓN ESPECIAL COVID-19.

Como é lóxico a pandemia da COVID-19 tivo unha especial importancia na páxina web de FGC. Así, dende que comezou o confinamento en marzo de 2020, **a páxina principal mantivo un deseño e organización especial destinado a amosar, do xeito máis rápido e sinxelo, a información máis demandada polos cazadores galegos**, mantendo unha actualización constante das normativas específicas pola pandemia en materia de caza e facilitando o acceso aos trámites máis frecuentes que se podían facer de xeito telemático.



**Horario de atención especial NON PRESENCIAL**

De luns a venres de 10.00h a 14.00h a través de teléfono e correo electrónico  
As oficinas físicas da FGC estarán abertas nas vindeiras semanas.

**Federación Galega de Caza**  
Tlf: 981562777  
federacion@federaciongalegadedecaza.com

| FGC en A Coruña                                       | FGC en Lugo                                         | FGC en Ourense                                         | FGC en Pontevedra                                         |
|-------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| Tlf. 981702957<br>coruna@federaciongalegadedecaza.com | Tlf. 982254996<br>lugo@federaciongalegadedecaza.com | Tlf. 988221620<br>ourense@federaciongalegadedecaza.com | Tlf. 986852300<br>pontevedra@federaciongalegadedecaza.com |

**Oficina Virtual (Trámites Online)**

Tramitar licencia ou seguro federativo      Enviar consulta

Toda a información e normativa sobre a caza durante o estado de alarma COVID-19

## 1.3 TRÁMITES ONLINE DE LICENZAS FEDERATIVAS E DOCUMENTOS ÚNICOS.

**A TÚA LICENCIA FEDERATIVA  
OU SEGURO FEDERATIVO DE CAZA**

Federarse  **100% ONLINE E INMEDIATO**

**24 HORAS AO DÍA, 365 DIAS AO ANO**




Federación Galega de Caza

A situación especial motivada pola pandemia do COVID-19 tamén fixo posible completar o proceso para concluír unha importante mellora da web que xa estaba prevista para este 2020, pero que se viu acelerada pola situación sanitaria: o trámite totalmente automatizado de licencias federativas e documentos únicos.


Froito da colaboración entre o departamento informático da FGC e Mutuasport, **dende xuño de 2020 é posible tramitar completamente unha licencia federativa ou seguro federativo de caza a través da páxina web da FGC**, a calquera hora do día, calquera día do ano, sendo unha das primeiras federacións autonómicas de España en ofrecer esta posibilidade.

Unha posibilidade demandada dende hai tempo polos cazadores por comodidade e axilidade, pero xa imprescindible a día de hoxe dadas as limitacións de mobilidade e aforo impostas polas autoridades sanitarias.

En total, foron **624 as persoas que usaron este servizo no 2020**, sendo 392 para o trámite de licencia federativa e 232 as que tramitaron un documento único (licencia federativa + seguro de caza), supoñendo un 3,10% da produción total da FGC neste ano.



## 1.4 AS REDES SOCIAIS.



Segue a medrar o número de seguidores das redes sociais. En **Facebook**, a **principal plataforma de comunicación cos federados**, **alcanzáronse os 4.831 seguidores**, o que supón un incremento dun 8,34% respecto ao ano anterior, o que situa á FGC no 3º posto nacional entre as Federacións Autonómicas de Caza, sendo Andalucía e Estremadura, con 21 mil e 16 mil seguidores nestas redes, as dominadoras neste ámbito.

Tamén se segue a medrar en **Twitter**, unha rede social que ten menor implantación no colectivo cinexético, pero **onde xa se supera o milleiro de seguidores, ata chegar aos 1.161**, supoñendo un aumento do 6,22%. Nesta rede a FGC ostenta o 5º posto nacional de Federacións Autonómicas de Caza, onde de novo dominan Andalucía e Estremadura, situándose a continuación lixeiramente por riba da FGC (con arredor de 1.200 seguidores) as federacións de Castela e León e Castela A Mancha.

Por último a plataforma **YouTube**, **aínda que só se usa de xeito puntual**, supera xa o cento de subscritores.

## 2. GALICIA CINEXÉTICA.



Durante o 2020, a revista Galicia Cinexética, editada pola Federación Galega de Caza, mantivo a súa edición mensual realizando 12 publicacións comprendidas entre os meses de xaneiro a decembro, números do 132 ao 143.

Neste periodo, Galicia Cinexética mantivo o seu carácter informativo e de formación para o cazador galego.

Foi un ano moi diferente aos anteriores marcado pola pandemia da Covid-19, o que fixo que os contidos e a información publicada fose moi diferente á doutros anos. Galicia Cinexética fíxose eco de todas aquelas novas relacionadas co sector cinexético na comunidade.

Durante este ano Galicia Cinexética seguiu contando cos soportes tecnolóxicos, mantendo a súa páxina web [galiciacinexetica.com](http://galiciacinexetica.com) e estando con máis presenza e actividade nas redes sociais co seu perfil en Facebook.



As páxinas de Galicia Cinexética, ao igual que en anos anteriores, foron un soporte publicitario para particulares e pequenas empresas vencelladas á caza.

## 3. PROGRAMA CAZA E NATUREZA.

O programa radiofónico **Caza e Natureza** dirixido por Francisco Couselo que se emite en **Radio Nova**, e se comparte puntualmente no facebook da federación, é outros dos medios que elixe o cazador galego para informarse puntualmente da actualidade cinexética.





## As Xuventudes pola Caza.

O colectivo xuvenil das Xuventudes pola Caza, integrado por 1.508 mozos e mozas menores de 31 anos, tamén se veu afectado por mor da pandemia sanitaria ao **suspenderse as feiras e encontros presenciais nos que viña participando nos últimos anos, pero mantivo a súa labor divulgativa da caza entre a xuventude**, impartindo charlas e conferencias sobre a actividade cinexética a alumnos e profesores de distintos centros educativos

Así, o 12 de febreiro, no **Centro de Formación e Experimentación Agroforestal (CFEA)** de Lourizán (Pontevedra), representantes das Xuventudes impartía unha charla sobre **censos e fototrampeo**.



Ante a extraordinaria acollida da charla anterior, o 19 de febreiro, regresaban ao mesmo centro **CFEA Lourizán** pero nesta ocasión para dar unha conferencia sobre as **modalidades de caza**.



Escasos días máis tarde, o 21 de febreiro, os representantes do colectivo xuvenil tiñan unha cita cos alumnos do **CIFP A Granxa de Ponteareas** (Pontevedra), onde impartían unha lección sobre **censos e fototrampeo**.



O 9 de marzo, volvían ao **CIFP A Granxa** de Ponteareas **para impartir unha clase práctica no tecor da sociedade de cazadores A Fornelense**, onde explicaban aos alumnos o **procedemento das soltas**.



E o 2 de setembro, repetían no **CIFP A Granxa** onde impartían pola mañá unha **charla sobre a caza en Galicia**, e pola tarde **desprazábanse novamente ao tecor A Fornelense para explicarlle, neste caso, aos profesores o procedemento das soltas**. A charla ía dirixida non só aos docentes do CIFP A Granxa senón a todos os profesores de Galicia dos ciclos medios e superiores.



## A axenda federativa.


A FGC, a pesar do confinamento, fixo un **extraordinario esforzo por manter a actividade cinexética e deportiva fóra das restricións**, adaptándose puntualmente aos cambios permanentes motivados pola modificación case diaria da normativa COVID.

A xunta directiva non cesou en ningún momento no seu empeño de defender a caza, a nivel cinexético e tamén como deporte federado, amparándose en que se trataba dun deporte individual que se desenvolve ao aire libre, e **os datos -aos que tivo acceso a FGC mediante consulta ás sociedades de caza- poñen de manifesto que non se produciu ningún contaxio nin durante a actividade cinexética nin durante o adestramento do deporte federado.**

Nada máis decretarse o confinamento, pecháronse as oficinas federativas pero poñíase en funcionamento unha oficina virtual a través da páxina web e **os traballadores das diferentes sedes cambiaban a oficina federativa polas seus domicilios, onde tamén eles, os traballadores e traballadoras da federación, continuaban teletraballando incesantemente para manter debidamente informados aos cazadores dos cambios que se ían producindo constantemente.**


As xuntanzas e reunións presenciais substituíanse polas telemáticas, chegando a celebrarse mesmo máis reunións que en anos anteriores.

**As reunións de todos os órganos da FGC celebráronse virtualmente** (comisión de competicións, xunta executiva, xunta directiva, comisión delegada e mesmo a asemblea xeral).





Foron tamén numerosas as reunións telemáticas mantidas coa **UFEDEGA** (Unión de Federacións Deportivas Galegas) e coa **Secretaría Xeral para o Deporte** para avaliar a situación sanitaria, as restricións, os protocolos FISICOVID e a desescalada no ámbito deportivo, pero tamén se mantiveron xuntanzas coa **Directora Xeral de Patrimonio Natural** e coa **Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda** para seguir mantendo a actividade cinexética.



Tamén se desenvolvían de xeito virtual as xuntanzas do **Comité Galego de Caza**, **Consello Forestal de Galicia**, do **PEFC**, e da **Fundación Oso Pardo**.

Tamén se celebraban de xeito online as xuntas de **Mutuasport** (consello de Administración, control de auditoría interna, comunicacións, informática, etc.) e da **Real Federación Española de caza**.



E no mes de xullo, antes das eleccións ao **Parlamento de Galicia**, atendendo á petición que realizaban algúns **partidos políticos**, a **FGC** reuníase presencialmente con representantes do **PSOE**, **PP** e **VOX**, cunhas estritas medidas sanitarias para evitar riscos.

Santiago de Compostela, a 31 de decembro de 2020